

DOMINGO 03 PASCUA CICLO C

PRIMERA Feit 5, 27b-32. 40b-41

Nós somos testemuñas destas palabras e tamén o Espírito Santo.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela o xefe dos sacerdotes interrogou aos apóstolos:

- Expresamente vos mandamos que non ensinádes nese nome, e vós enchestes Xerusalén coa vosa doutrina. Vós queredes botar sobre nosoutros o sangue dese home.

Pedro e os apóstolos responderon:

- Cómpre obedecer a Deus antes que aos homes. O Deus de nosos pais resucitou a Xesús, a quen vós matastes colgándoo dun madeiro; pois a este enxalzouno Deus coa súa dereita, facéndoo Xefe e Salvador, a fin de lle outorgar a Israel a conversión e o perdón dos pecados. E nós somos testemuñas destas cousas e tamén o Espírito Santo, que Deus dá aos que o obedecen.

Entón chamaron polos apóstolos, e, despois de os azoutar, ordenáronlles que non falasen no nome de Xesús, e deixáronos ir. Eles saíron de diante do consello moi alegres de resultaren dignos de sufrir por mor do Nome

SALMO RESP. Sal 29, 2 e 4. 5 e 6. 11 e 12a e 13b

R/ (2a): Eu lóuvote, Señor, que me liberas

Ou: Aleluia

Eu lóuvote, Señor, que me liberas
e non deixas que o inimigo faga riso de min.
sácasme do abismo
e mantesme na vida,
lonxe dos que baixan ao sepulcro.

Cantádelle ao Señor os seus amados,
louvade o seu santo nome.
O seu asaño dura só un intre;
o seu favor, toda a vida.
Se hai pranto á tardiña,
ao abrente xa hai ledicia.

Escoita, Señor; ten compaixón de min,
se ti, Señor, a miña axuda.
Ti podes trocar o loito en danza,
Señor, meu Deus,
por sempre te hei louvar.

SEGUNDA Ap 5, 11-14

É digno o Año a quen mataron de recibir a forza e a riqueza

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NO LIBRO DA APOCALIPSE DE SAN XOÁN**

Eu, Xoán, vin e oín a voz de moitos anxos arredor do trono e dos animais e dos anciáns: o número deles era de milleiros e milleiros. Proclamaban con forte voz:

"Merecente é o Año, por estar degolado, de recibir o poder, a riqueza, a sabedoría, a forza, a honra, a gloria e a bendición".

E oín que todas as criaturas que están no ceo e na terra e debaixo da terra e enriba do mar e todas as cousas que hai nelas, proclamaban:

"Para quen está sentado no trono e para o Año: a bendición, a honra, a gloria e o poder polos séculos dos séculos".

E os catro animais dicían: "Amén" e os anciáns caeron en adoración.

ALELUIA

Resucitou Cristo, que creou todas as cousas e tivo misericordia do xénero humano

DOMINGO 03 PASCUA CICLO C

EVANXEO Xn 21, 1-14 (breve)

Ven Xesús e toma o pan e dáillo e máis peixe

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, aparecéuselles outra vez Xesús aos seus discípulos onda o lago de Tiberíades. Foi deste xeito:

Estaban xuntos Simón Pedro, Tomé o chamado Xémeo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e máis outros dous discípulos seus. Simón Pedro díxolles:

- Vou pescar.

Eles contestaron:

- Imos nós contigo tamén.

Sáiron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de romper o día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. Xesús preguntoulles:

- Rapaces, tedes algo que comer?

Eles responderon:

- Non.

Díxolles entón:

- Largade a rede por estribor e atoparedes.

Eles largárona, e xa non podían subila a bordo, de tanto peixe. Daquela, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

- É o Señor.

Entón Simón Pedro, ao escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido -pois estaba espido- e botouse ao mar. Os outros discípulos chegaron no bote, porque non estaban lonxe de terra senón a menos de cen metros, remolcando o aparello cos peixes. Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e máis pan.

Xesús díxolles:

- Traede peixes dos que acabades de coller.

Simón Pedro subiu ao bote e arrastrou para terra a rede chea de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou.

Xesús díxolles:

- Vinde comer.

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle: ti quen es?, sabedores de que era o Señor. Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou aos seus discípulos resucitado de entre os mortos.

ALELUIA

Resucitou Cristo, que creou todas as cousas e tivo misericordia do xénero humano

DOMINGO 03 PASCUA CICLO C

EVANXEO Xn 21, 1-19 (longo)

Ven Xesús e toma o pan e dáillo e máis peixe

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, aparecéuselles outra vez Xesús aos seus discípulos onda o lago de Tiberíades. Foi deste xeito:

Estaban xuntos Simón Pedro, Tomé o chamado Xémeo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e máis outros dous discípulos seus. Simón Pedro díxolles:

- Vou pescar.

Eles contestaron:

- Imos nós contigo tamén.

Saíron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de romper o día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. Xesús preguntoulles:

- Rapaces, tedes algo que comer?

Eles responderon:

- Non.

Díxolles entón:

- Largade a rede por estribor e atoparedes.

Eles largárona, e xa non podían subila a bordo, de tanto peixe. Daquela, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

- É o Señor.

Entón Simón Pedro, ao escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido -pois estaba espido- e botouse ao mar. Os outros discípulos chegaron no bote, porque non estaban lonxe de terra senón a menos de cen metros, remolcando o aparello cos peixes. Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e máis pan.

Xesús díxolles:

- Traede peixes dos que acabades de coller.

Simón Pedro subiu ao bote e arrastrou para terra a rede chea de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou.

Xesús díxolles:

- Vinde comer.

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle: ti quen es?, sabedores de que era o Señor. Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou aos seus discípulos resucitado de entre os mortos.

Cando xa comeran, preguntoulle Xesús a Simón Pedro: - Simón de Xoán, ámasme máis ca estes?

El contestoulle: - Si, Señor, ti sabes que te quero.

Xesús díxolle: - Apacenta os meus anos.

E de novo preguntoulle por segunda vez: - Simón de Xoán, ámasme?

El respondeulle: - Si, Señor, ti sabes que te quero.

Xesús díxolle: - Apacenta as miñas ovellas.

E preguntoulle por terceira vez: - Simón de Xoán, quéresme?

Entristeceuse Pedro de que lle preguntase por terceira vez "¿queresme?", e respondeulle: - Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero.

Xesús díxolle:

- Apacenta as miñas ovellas. Con toda verdade cho aseguro: cando eras novo vestíaste ti e ías onde querías; cando te fagas vello, estenderás as túas mans, e vestirate outro e levarate onde non queres.

Dixo isto para significar con que clase de morte había de dar gloria a Deus. E despois engadiu:

- Sígueme.